

Guía práctica para o tratamento informativo...

de emerxencias, catástrofes e persoas desaparecidas

As emerxencias e catástrofes son coberturas informativas especialmente **delicadas e complexas**. Nestas situacións, os medios cumpren unha importantísima función social que deben asumir con responsabilidade. Deles depende a transmisión de información á cidadanía con rapidez e rigor. O dereito á información debe facerse compatible co **dereito á intimidade das vítimas** e as súas familias, cuxo sufrimento e privacidade cómpre respectar e comprender.

As **autoridades** deben incluír a asistencia aos medios de comunicación entre as súas prioridades na intervención en emerxencias e subministrar regularmente información contrastada. A falta de transparencia e dunha xestión adecuada das canles de comunicación cos medios poden propiciar que se recorra a fontes pouco fiables.

É imprescindible que as **empresas periodísticas** contribúan a que os profesionais estean en condicións de respectar os principios deontolóxicos neste tipo de informacións e que eviten o sobredimensionamento e a espectacularización. Cómpre que reparen en que a cobertura de emerxencias e catástrofes pode tamén afectar os/as profesionais e que faciliten a súa formación e especialización.

Que podes facer

Na información sobre **#Emerxencias** prioriza as **fontes expertas**. **Verifica** os testemuños e as mensaxes difundidas en redes sociais.

Pon o **foco nas vidas** das **#Vítimas** de **#Emerxencias**. Antes de difundires os seus datos, **confirma que as familias xa foron informadas**.

En **#Emerxencias** extrema o coidado na escolla de imaxes. Usa con tino o material de arquivo. **Contrasta e edita** as gravacións de terceiros.

Fai seguimento no tempo das **#Emerxencias**. **Contextualiza** os feitos e **profunda nas causas**, máis alá do suceso illado.

Visibiliza os casos de **#PersoasDesaparecidas**. **Respecta os espazos** escollidos pola familia para informar. Difunde as **imaxes oficiais**.

Ollo!

O rigor é primordial na cobertura de **#Emerxencias**. Non difundas **información sen contrastar nin te precipites** ao atribuír responsabilidades.

Rexeita a **linguaxe efectista** e o tremendismo cando informes sobre **#Emerxencias**. Prescinde de **datos superfluos e morbosos**.

Respecta a dor das **#Vítimas** e as súas familias. **Non as presións** para que falen nin tomes imaxes **sen consentimento**. Protexe os menores.

Non uses **imaxes que degraden** as **#Vítimas**. Desbota **primeiros planos** de persoas feridas e en shock. Evita a **reiteración** de imaxes.

As **#PersoasDesaparecidas** están en situación vulnerable, **non especules**. Manexa con coidado datos persoais e imaxes, sobre todo de menores.

da saúde mental

1 de cada 4 persoas experimentarán na súa vida un problema de saúde mental, sendo máis frecuentes os trastornos ansiosos e depresivos, cunha tendencia ascendente nos últimos anos. A porcentaxe de persoas que padecerán nalgún momento da súa vida un trastorno psicótico é do 1%. Os medios de comunicación teñen un papel moi notable en achegar o coñecemento sobre este eido da saúde á cidadanía. Ademais, neste proceso poden contribuír de maneira destacada a desterrar estereotipos, prexuízos e discriminación contra as persoas que padecen unha enfermidade mental, converténdose en axentes de prevención contra o estigma tantas veces asociado á saúde mental.

Partindo da idea de que **a enfermidade mental é unha circunstancia máis da persoa que a padece e de que a inmensa maioría leva unha vida normalizada**, propoñemos as seguintes suxestións á hora de abordar información sobre este ámbito da saúde:

Que podes facer

Os tratamentos funcionan. Fala de **persoas**, anónimas ou non, **capaces** de levar unha **vida plena e integrada** **#NormalizaciónDaEnfermidadeMental**

Inclúe as persoas con enfermidade mental como fontes e interlocutores. **Visibiliza** e **normaliza** **#RachaPrexuízos** **#SenEstereotipos**

Coida a **exactitude** dos termos. Se a enfermidade mental é importante para a información emprega o diagnóstico específico **#NonValeTodo**

Difunde a loita polos **recursos necesarios** para unha atención á saúde mental de calidade, inclusiva e completa **#AtenciónSanitariaDeCalidade**

Coida a **perspectiva de xénero** para evitar a dobre discriminación das mulleres con enfermidade mental **#DesigualdadeDeXénero** **#SaúdeMental**

Ollo!

Rexeita a **linguaxe discriminatoria e estigmatizante** que unicamente define a persoa pola súa enfermidade mental **#SomosMáisQueUnhaEnfermidade**

As persoas con enfermidade mental teñen a mesma probabilidade que calquera outra de cometer **actos violentos** **#NonSimplifiques**

Evita o uso inapropiado ou **fóra de contexto** de termos propios da saúde mental **#NonFrivolices**

A enfermidade mental é un rasgo máis da persoa. Non a mencións se non é relevante para o feito noticioso. **#NonAoMorbo**

A maioría das enfermidades mentais son invisibles. Non alimentos prexuízos con imaxes que transmitan illamento e soidade **#DesfaiEstereotipos**

dos menores

Á hora de abordar unha información relativa a menores resulta esencial ter en conta o **“superior interese do menor”**, é dicir facer prevalecer os dereitos dos/as menores sobre calquera outro, incluído o dereito á información. A relevancia do “superior interese do menor” cobra especial importancia cando as informacións poden categorizarse pola súa natureza negativa (episodios de violencia, maltrato, menosprezo, vexación, ultraxe...). O obxectivo é **protexer o menor**, non só dende a inmediatez, senón a longo prazo, tratando de que os erros que puidera ter cometido ou as circunstancias en que se teña desenvolvido a vida do menor **produzan o impacto social máis leve posible na súa vida como adulto**.

Partindo desta consideración, na elaboración das informacións deberase atender aos seguintes dereitos dos/as menores:

- Dereito á propia imaxe
- Dereito ao honor e á intimidade

- Dereito á presunción de inocencia e dereito á defensa
- Dereito á resocialización

Que podes facer

Informa de xeito **veraz** e con **rigor**. Unha información distorsionada pode marcar ao menor de por vida **#NonÉSóUnhaNoticia**

Contribúe a **construír unha imaxe xusta** da **#**infancia. Atende aos seus logros, capacidades e iniciativas **#EnPositivo** **#NonSóFanBotellón**

#Respecta os **#sentimentos** dos menores ante un suceso tráxico. Poden sentirse intimidados ante a presenza dos medios de comunicación.

Contextualiza o conflito illado. Evita xeralizacións negativas sobre a infancia e a adolescencia **#NonSóVítimasOuAgresores**

Só o interese xeral real pode chegar a xustificar a difusión de informacións sobre menores sen **consentimento** **#Protexe** o seu **anonimato**

Ollo!

Coida que os datos que inclúas non permitan a **identificación** do menor, tampouco na súa contorna próxima **#Protexe** o **#DereitoÁPropiaImaxe**

Redobra o celo no uso de **imaxes**. As fotos das súas **redes sociais** son súas. Sopesa o interese xeral e **#Protexe** a súa **#Privacidade**

Evita a difusión de vídeos de **pelexas e humillacións** **#FeitosIllados** **#InfanciaEnPositivo** Que imaxe de si mesmos lles estamos a trasladar?

Non sinais o menor ou a súa familia pola súa **procedencia** ou **relixión** **#NonáDiscriminación**

da violencia contra a muller

Existe un amplo consenso sobre principios básicos que os/as profesionais dos medios de comunicación debemos ter en conta no tratamento da información sobre a violencia machista; son postulados recollidos en códigos autorreguladores, subscritos por medios de comunicación, colexios profesionais e asociacións de xornalistas, e apoiados unanimemente polos organismos públicos de protección e defensa dos dereitos da muller.

Instamos a tódolos medios de comunicación e xornalistas que desenvolven o seu traballo no noso ámbito a tratar os casos de violencia contra a muller –física, psicolóxica ou sexual– como un problema social de primeira orde, derivado dun modelo patriarcal que está na orixe da desigualdade.

Que podes facer

Acode a **expertas** en materia xurídica, psicolóxica e policial para contextualizar informativamente o problema social da **#ViolenciaMachista**.

Non esquezas o 016 nas túas informacións sobre **#ViolenciaSexista**. Menciona os **recursos para a seguridade e a protección** contra o **#Maltrato**.

Divulga casos das **#Superviventes** que superaron con éxito a violencia. E non esquezas nunca a **difusión das sentenzas xudiciais** de **#Condena**.

Dálles espazo e voz aos **homes que defenden a igualdade** e rexeitan abertamente as estratexias de dominación e control do **#Patriarcado**

Os medios deben abandeirar a loita contra a **#Misoxinia** e a **#DesigualdadeDeXénero** expresando claramente o **rexexamento social** ao machismo.

Ollo!

A **#ViolenciaMachista** é un atentado contra a Liberdade e os DDHH que enraíza no **#SupremacismoDeXénero**: non a despraces ao **bloque de Sucesos**.

Titula con rigor. Evita **expresións eufemísticas** que atenúen a responsabilidade criminal dos **#MaltratadoresViolentos** e dos **#Asasinos**

O efecto narcotizante de **fórmulas manidas** («outro caso máis de...») dificulta a función dos medios na erradicación da **#ViolenciaContraAMuller**

Subliña o **#Agresor** como único responsable. Obvia **os comentarios que culpen a vítima ou banalicen a agresión**. A violencia nunca se xustifica.

Ante a **#ViolenciaMachistaOuSexual**, rexeita **detalles morbosos** e imaxes que poñan en perigo a integridade física ou psicolóxica da agredida.

Impide a difusión acrítica de **#EstereotiposSexistas** e informacións que presenten a **muller nun papel subalterno** ou dependente.

dos suicidios

O suicidio é a primeira causa de morte por motivos non naturais en España. É, por tanto, un grave problema de saúde pública. Os medios de comunicación teñen a obriga de ofrecer **información responsable** sobre este tema que, na realidade, se aborda en contadas ocasións (cando a vítima é un personaxe notorio) ou vinculándoo a outro asunto ou circunstancia social (violencia de xénero, desafuzamentos, etc.). Na meirande parte dos casos trátase coma un suceso no que cobra especial interese informativo o método de suicidio máis cás propias circunstancias ou antecedentes persoais da vítima que o levaron a adoptar esa decisión. Non se fala, por exemplo, da prevención do suicidio ou de que medios e saídas hai dispoñibles para evitar esa morte ou de como se pode atender ás persoas afectadas.

Que podes facer

Fala sobre as mortes por **#Suicidio**, pero tamén sobre os **factores de risco** e os **medios** de **#Prevención**.

Sigue as **recomendacións da @opsoms** para informar dun xeito responsable, exacto e útil.

Trata as noticias sobre **#Suicidios** como un tema de **saúde**.

Enfócao como un **fenómeno multifactorial**, no que poden interactuar varios factores.

Promove a **ruptura de tabús, estigmas e silencios** en torno ao **#Suicidio**.

Traballa estreitamente coas **autoridades de saúde** na presentación dos feitos. Emprega sempre **fontes fiables e expertas**.

Hai **alternativas** ao **#Suicidio**. Informa sobre **liñas de axuda e recursos**, servizos de **#SaúdeMental** ou **#AtenciónPrimaria**.

Ollo!

Non informes dos #Suicidios como algo simplista.

Quita estas noticias da sección de **sucesos** e dos **titulares**.

Non **banalices** nin cubras dun xeito **sensacionalista ou morboso** as noticias sobre **#Suicidios**.

Non describas con detalle o **método** empregado, nin publiques **fotografías** nin fagas publicidade dos **escenarios habituais** de **#Suicidio**.

Non glorifiques as vítimas do **#Suicidio**, por exemplo en casos de famosos.

INFORMA_

Recomendacións profesionais sobre información e sufrimento humano

Os colexios profesionais de **Psicoloxía e Xornalismo** entendemos como básico o compromiso ético das nosas intervencións profesionais, especialmente cando tratamos con feitos ou procesos que colocan os seus e as súas protagonistas en situación de vulnerabilidade.

A nosa colaboración quere constituír unha chamada de atención sobre as eivas que detectamos con frecuencia na elaboración de noticias, especialmente nas informacións relacionadas co sufrimento humano. Son carencias que, moitas veces, non respectan o dereito á intimidade e á propia imaxe das vítimas e que, moitas outras, acaban por incrementar a súa dor.

INFORMA_DOR inclúe recomendacións prácticas e información de interese para a abordaxe de noticias sobre Violencia Contra a Muller, Suicidio, Saúde Mental, Menores e Emerxencias, Catástrofes e Persoas desaparecidas.

verifica

contextualiza

profunda

respecta

visibiliza

normaliza

con exactitude

perspectiva de xénero

veracidade

rigor

consentimento

seguridade

protección

igualdade

rompendo tabús

fontes fiables